



(Comisión Europea - EIP-AGRI)

Grupos operativos de innovación agraria

Trátase dunha agrupación constituída por entidades de distintos perfís (agricultores, gandeiros, investigadores, centros tecnolóxicos, grupos de desenvolvemento rural, asociacións, universidades...). Ditos grupos están orientados á identificación de problemas concretos ou oportunidades nos sectores agroalimentario e forestal, a partir dos que se xeran iniciativas innovadoras que dean resposta e solucións a esas dificultades ou oportunidades detectadas, sempre no ámbito dos obxectivos da Axencia Europea de Innovación.



Fondo Europeo Agrícola de
Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural

Diseño de ferramentas para minimizar o impacto sobre o medio natural das aplicacións de xurro de explotacións de porcino FEADER 2016/55B



Grupos operativos de innovación agraria

Coordina:



Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos
Rúa San Marcos, s/n, Abegondo - 981 669 541 - info@marinasbetanzos.org
www.marinabetanzos.gal

Intervenien:



Unión de Cooperativas.
Asociación Galega de Cooperativas Agrarias
Santiago: r/ Tomiño, 22, soto 1 - 981 584 783
Lugo: r/ Poeta Noriega Varela, 30, entreplanta A. 982 201 514
Ourense: r/ Bedoia, 7, 2º, OF 1 - 988 242 481
www.agaca.coop



Concello de Abegondo
Rúa San Marcos, nº 1
Abegondo
981 647 909 - www.abegondo.es



Universidade de
Santiago de Compostela
Praza do Obradoiro, s/n
Santiago de Compostela
982 823 260 - laborate@usc.es



Instituto Galego
da Calidade Alimentaria
Pazo de Quián, s/n, Sergude
Boqueixón (A Coruña)
881 881 812 - ingacal@xunta.es



Coporc S. Coop. Galega
Vínseira Pequena, nº 21, Celas
Culleredo
981 668 328 - coporc@coporc.com

Proxecto financiado por:



Obxectivos

O PROXECTO VÉN DEFINIDO POLA PROBLEMÁTICA QUE TEÑEN AS EXPLOTACIÓNS DE GANDO PORCINO DERIVADA DA NECESIDADE DE XESTIONAR AS ELEVADAS CANTIDADES DE XURRO QUE PRODUCEN

➤ Diseñar unha ferramenta **SIX** que permita ao sector gandeiro porcino realizar de maneira correcta a aplicación e a xestión dos xurros, para minimizar afeccións medioambientais

SIX: Sistema integrado de medios e métodos informáticos, capaz de recoller, almacenar, xestionar, analizar, mostrar e transferir datos con referencia espacial.

➤ Estudo da problemática dentro do territorio da Reserva da Biosfera "Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo": caracterizar e xeorreferenciar as granxas porcinas e as parcelas asociadas ás mesmas, localizar mananciais e augas subterráneas próximos ás parcelas de aplicación, analizar xurros, solos e datos meteorolóxicos.

➤ Evitar problemas ambientais derivados de doses de xurro moi elevadas, aplicadas reiteradamente, en terras de cultivo. O clima chuvioso de Galicia pode promover estas complicacións.

➤ Informar ás granxas porcinocultoras sobre prácticas axeitadas para o correcto almacenamento e posterior aplicación dos xurros.

➤ Realizar unha xestión conxunta en explotacións con terras, mediante unha rede de contactos entre elas para colaboraren.

Os xurros xerados nas granxas porcinas poden supor un adobo apto para a produción de forraxes en explotacións de vacún.

Por que me interesa isto?

Produtores de porcino:

mellor xestión de xurros, redución do custo de almacenado e menor impacto ambiental.

Receptores de xurro:

fertilizar con criterios máis adecuados ao aumento da rendibilidade e reducir custos de transporte e adobo.

Máis nitróxeno amoniacal

O xurro de porcino é máis diluído ca o de vacún polo que a súa velocidade de infiltración é maior e, por tanto, ten menos perdas de nitróxeno amoniacal.

Máis fósforo, potasio e nitróxeno

O xurro de porcino adoita ter valores medios ou altos de fósforo e de potasio. O nitróxeno case chega a duplicarse con respecto ao de vacún.

Máis adecuado a praderías

A menor velocidade de mineralización do **xurro de vaca** (causada por maior contido en materia seca ou fibra) motiva a algunhas explotacións a reservalo **para o millo**, xa que a planta disporá dos nutrientes nunha fase máis avanzada

do ciclo. O xurro de porco, por tanto, será **máis adecuado para adobo de praderías**.

Xurro acorde á necesidade

A creación dunha **rede de granxas** produtoras e granxas receptoras de xurro, que o usen para forraxe, cuxos datos centralizaría a ferramenta SIX, permite o asesoramento do adobado por vía informática.


Abaratamento de custos de adobado

Abonaríase só o transporte, cuxo custo se distribuiría entre produtor e receptor. Estudaríase que tipo de adobo mineral usan, canto pagan por el e ata que punto pode este adobo orgánico substituír ao mineral.

Caracterización de explotacións de porcino



Xeorreferenciación de parcelas asociadas ás explotacións




Xestión de xurro en granxas de porcino



Diagnose: toma e análise de mostras de xurro e solos




Ferramenta SIX: Sistema Información Xeográfica



Transporte do xurro cara ás explotacións receptoras



Explotacións con terras receptoras de xurro



Aproveitamento do xurro de gando porcino como fertilizante orgánico



Posible contaminación ambiental debida a unha mala xestión do xurro

